



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA (FUNCIONARIO; GRUPO A; SUBGRUPO A2)

1º EXERCICIO TIPO TEST (GALEGO)

1. Cal dos seguintes centros de investigación pertence á Consellería do Medio Rural?

- a) Centro de Investigación Forestal de Lourizán.
- b) Estación Fitopatolóxica Areeiro.
- c) Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.
- d) Misión Biolóxica de Galicia.

2. Segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a cales dos seguintes principios están suxeitos os procedementos de avaliación ambiental:

- a) Acción preventiva e cautelar, corrección e compensación dos impactos sobre o medio ambiente.
- b) Participación pública.
- c) Integración dos aspectos ambientais na toma de decisións.
- d) Todas as respostas son correctas.

3. Os municipios, calquera que sexa o número dos seus habitantes, por si ou asociados, deberán prestar en todo caso, un dos seguintes servizos:

- a) Mercado.
- b) Control de alimentos.
- c) Matadoiro.
- d) Parque público.

4. Segundo o artigo 34 do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención, a efectos de determinación das capacidades e aptitudes necesarias para a avaliación dos riscos e o desenvolvemento da actividade preventiva, as funcións para realizar clasifícanse en:

- a) Funcións de nivel básico, nivel intermedio e nivel superior.
- b) Unicamente funcións de nivel básico.
- c) Funcións de nivel básico e nivel supremo.
- d) Funcións de nivel básico e nivel intermedio.

5. Segundo a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, o observatorio da cadea alimentaria é....

- a) Un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- b) Unha fundación dependente.
- c) Un órgano colexiado adscrito á Xunta de Galicia.
- d) Unha asociación sen ánimo de lucro.

6. De acordo co establecido no artigo 67 da Constitución Española, indique cal das seguintes afirmacións é a correcta:

- a) Poderase acumular na acta dunha Asemblea de Comunidade Autónoma coa de deputado ao Congreso.
- b) Ninguén poderá ser membro do Congreso dos Deputados e do Senado simultaneamente.
- c) Os parlamentarios reunidos sen convocatoria regulamentaria por razóns de urxencia poderán exercer as súas funcións e ostentar os seus privilexios.
- d) As reunións de parlamentarios que se celebren sen convocatoria regulamentaria vincularán ás Cámaras.

7. No funcionamento dos órganos municipais colexiados, a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno se denomínase....

- a) Moción.
- b) Pregunta.
- c) Rogo.
- d) Interpelación.

8. Segundo o artigo 17 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias, coa finalidade de rexuenerar o sector agrario concederanse axudas aos agricultores novos:

- a) Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria prioritaria só como titular da mesma.
- b) Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria prioritaria como titular ou cotitular da mesma.
- c) Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria prioritaria como titular, cotitular ou socio da mesma.
- d) Ningunha resposta é correcta.

9. España posúe unha superficie total de 50,6 millóns de ha. O primeiro uso do solo en importancia pola súa extensión é....

- a) A superficie forestal.
- b) A superficie de diferentes cultivos hortícolas.
- c) A superficie de prados e pastos.

d) A superficie dedicada a barbeito.

10. O Programa de Desenvolvemento rural establece como responsables as seguintes autoridades:

- a) Autoridade de xestión.
- b) Organismo pagador.
- c) Organismo de certificación.
- d) Todas as respostas son correctas.

11. Cal dos seguintes impostos ten carácter optativo?

- a) O Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras.
- b) O Imposto sobre Bens Inmóbles.
- c) O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- d) O Imposto sobre Actividades Económicas.

12. Nun terreo en pendente temos dous puntos separados por una determinada distancia: como se coñece en topografía a lonxitude da recta perpendicular ás verticais que pasan polos extremos dos referidos puntos?

- a) Distancia xeométrica.
- b) Distancia real.
- c) Distancia reducida.
- d) Distancia topográfica.

13. Os contratos celebrados por entidades do sector público que non reúnan a condición de órgano de contratación considéranse:

- a) Contratos públicos.
- b) Contratos suxeitos a regulación harmonizada.
- c) Os contratos semipúblicos.
- d) Contratos privados.

14. En Galicia, a produción de carne de porcino e de ave, concéntrase en....

- a) Na bisbarra do Deza.
- b) Na bisbarra da Terra Cha.
- c) No sur da provincia de Ourense.
- d) Todas as respostas son correctas.

15. A Política Agraria Común foi establecida no Tratado da Comunidade Económica Europea, do 25 de marzo de 1957, nos seguintes artigos:

- a) Do 38 ao 47.
- b) Do 9 ao 37.

- c) Do 48 ao 58.
- d) Do 74 ao 84.

16. De acordo co Regulamento de Bens das Entidades Locais (Real Decreto 1372/1986), as Corporacións Locais teñen a facultade de promover e executar o deslinde entre os bens da súa pertenza e os dos particulares, cuxos límites apareceren imprecisos ou sobre os que existiren indicios de usurpación. Polo tanto:

- a) O deslinde consistirá en rectificar situacións xurídicas plenamente desacreditadas. Tales operacións terán por obxecto delimitar a leira a que se referisen pero non poderán declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma.
- b) O deslinde consistirá en practicar operacións técnicas de comprobación pero non terán por obxecto delimitar a leira a que se referisen nin declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma.
- c) O deslinde consistirá en practicar as operacións técnicas de comprobación e, no seu caso, de rectificación de situacións xurídicas plenamente acreditadas. Tales operacións terán por obxecto delimitar a leira a que se referisen e declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

17. Cales das seguintes fases forman parte do proceso de reestruturación parcelaria?

- a) Acta de reorganización da propiedade.
- b) Acordo de reestruturación parcelaria.
- c) Bases de reestruturación parcelaria.
- d) Todas as respostas son correctas.

18. Cal é a cantidade máxima autorizada na venda directa por produtor e ano de mel en Galicia?

- a) 1.500 Kgs.
- b) 2.000 Kgs.
- c) 3.000 Kgs.
- d) ata 4.000 Kgs.

19. Cal é o organismo pagador, en Galicia, dos Fondos Europeos Agrícolas de Desenvolvemento Rural?

- a) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- b) O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).
- c) A Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural.
- d) A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA).

20. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o órgano superior de carácter consultivo, en materia de urbanismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia é:

- a) O Consello de la Xunta de Galicia.
- b) A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
- c) A Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.
- d) O Instituto Galego da Vivenda e Solo.

21. En que fase se realiza a eliminación da materia orgánica, así como de diversos nutrientes como o nitróxeno e o fósforo nas augas residuais?

- a) Na fase de pretratamento.
- b) Na fase primaria.
- c) Na fase secundaria.
- d) Na fase terciaria.

22. A Política Agraria Común, constitúe a primeira política común integral comunitaria e naceu no ano:

- a) 1950.
- b) 1962.
- c) 1986.
- d) 1979.

23. Segundo datos do MAPA, con respecto á porcentaxe de produción nacional do cultivo da pataca, Galicia ocupa actualmente....

- a) O primeiro posto.
- b) O segundo posto.
- c) O terceiro posto.
- d) O cuarto posto.

24. Con cantos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal conta a Consellería do Medio Rural?

- a) 3
- b) 6
- c) 8
- d) Ningunha resposta anterior é a correcta.

25. No marco da nova PAC (2023-2027), destacan como novidades principais no Sixpac desde a campaña 2023....

- a) A incorporación de novas capas de pastos comunais.
- b) A incorporación das franxas de protección dos leitos fluviais.
- c) A incorporación dos datos das distintas rexións para a axuda básica a renda para a sustentabilidade.

d) Todas as respostas son correctas.

26. Cal das seguintes cooperativas agrogandeiras é unha cooperativa de segundo grao?

- a) *Horsal, Soc. Coop. Galega.*
- b) *Xuncoga, Soc. Coop. Galega.*
- c) *Coafor, Soc. Coop. Galega.*
- d) *Cobideza, Soc. Coop. Galega.*

27. Segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

- a) En todo momento.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao acordo de iniciación.
- c) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- d) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de información pública.

28. A efectos da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias, enténdese por pequeno agricultor:

- a) O agricultor a título principal cuxa explotación agraria non supere 10 unidades de dimensión europea (UDEs) e cuxa renda total sexa inferior ao 75 por 100 da renda de referencia.
- b) O agricultor a título principal cuxa explotación agraria non supere 12 unidades de dimensión europea (UDEs) e cuxa renda total sexa igual ou inferior ao 75 por 100 da renda de referencia.
- c) O agricultor a título principal cuxa explotación agraria non supere 12 unidades de dimensión europea (UDEs) e cuxa renda total sexa inferior ao 75 por cen da renda de referencia.
- d) O agricultor a título principal cuxa explotación agraria non supere 10 unidades de dimensión europea (Vdes) e cuxa renda total sexa igual ou inferior ao 75 por cen da renda de referencia.

29. De acordo co disposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da estrutura territorial agraria de Galicia:

- a) A finalidade das leiras integrantes dunha masa común será a compensación derivada das resolucións dos recursos ou outras circunstancias que deprecien de forma non significativa unha leira atribuída.
- b) A finalidade das leiras integrantes dunha masa común será a compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie, resolucións dos recursos, corrección de erros ou outras circunstancias que deprecien de forma significativa ou fagan inutilizable unha leira atribuída e non solicitada pola persoa interesada.
- c) A finalidade das leiras integrantes dunha masa común será a descompensación derivada da estimación das reclamacións de superficie.

d) A finalidade das leiras integrantes dunha masa común será a descompensación derivada da desestimación das reclamacións de superficie, resolucións dos recursos e corrección de erros.

30. Cal dos seguintes compostos biocidas ten un maior potencial redox?

- a) Lixivia.
- b) Monocloramina.
- c) Auga oxixenada.
- d) Ácido Hipocloroso.

31. Cal das seguintes variedades de vide empregadas en Galicia son de uva branca?

- a) Albariño.
- b) Palomino.
- c) Treixadura.
- d) Todas as respostas son correctas.

32. Segundo o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención. A organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas realizarase polo empresario conforme algunha das modalidades seguintes:

- a) Asumindo persoalmente tal actividade.
- b) Designando a un ou varios traballadores para levala a cabo.
- c) Recorrendo a un servizo de prevención alleo.
- d) Todas as respostas son correctas.

33. O instrumento topográfico resultante da unión dun distanciómetro cun teodolito óptico, coñécese como:

- a) Unha estación semitotal.
- b) Unha estación total.
- c) Un tránsito.
- d) Un dron topográfico.

34. En materia de política exterior e de seguridade común, que órgano asume a representación da Unión Europea?

- a) O Parlamento Europeo.
- b) O Consello Europeo.
- c) A Presidencia da Unión Europea.
- d) A Comisión, por delegación expresa do Consello.

35. O aproveitamento e goce dos bens comunais efectuarase:

- a) Exclusivamente, en réxime de explotación colectiva.
- b) Subsidiariamente, en réxime de explotación comunal.
- c) Xeralmente, en réxime de explotación mercantil.
- d) Preferentemente, en réxime de explotación colectiva ou comunal.

36. Indique a afirmación correcta en relación ao sector cárnico en Galicia.

- a) É un sector estratéxico con importante impacto económico no ámbito rural galego que representa ao redor do 33% do valor da Produción Final Agraria.
- b) Galicia é a oitava rexión produtora de carne de España.
- c) Un dos principais retos que se presentan ao sector é a elevada idade media dos titulares das ganderías de carne e a falta de substitución.
- d) Todas as respostas son correctas.

37. A Constitución regula nun dos seus artigos:

- a) A gratuidade da xustiza.
- b) A fe pública xudicial.
- c) La cooperación entre os órganos xurisdicionais.
- d) A lingua oficial nas actuacións xudiciais.

38. Cales dos seguintes produtos están excluídos da definición de produto alimentario segundo a lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega?

- a) O viño.
- b) As bebidas espirituosas.
- c) As sementes.
- d) Todas as respostas son correctas.

39. Dos seguintes actos administrativos, cales de eles están excluídos do seu control mediante o sistema dos recursos administrativos ordinarios?

- a) Os definitivos.
- b) Os que no causen estado.
- c) Os que sexan firmes.
- d) Os de trámite que decidan indirectamente o fondo do asunto.

40. Que tipos de procesos poden ser empregados para mellorar a estrutura territorial agraria?

- a) Reestruturación parcelaria de carácter público.
- b) Reestruturación da propiedade mediante permutas.
- c) Actuacións intensivas en zonas rurais.
- d) Todas as respostas son correctas.

41. Unha das seguintes afirmacións é correcta:

- a) A condición de veciño confire dereito a pedir consulta popular nos termos previstos na lei.
- b) A adquisición da condición de veciño pode ter efectos dende o momento da solicitude de inscrición no Padrón.
- c) Os Concellos remitirán trimestralmente ao Instituto Nacional de Estatística, por medios informáticos ou telemáticos, as variacións que se teñan producido nos datos dos seus respectivos padróns.
- d) Son correctas as respostas anteriores a) e b).

42. O Defensor do Pobo é:

- a) O alto comisionado das Cortes Xerais designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución.
- b) O alto comisionado das Cortes Xerais designado polo Goberno para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución.
- c) O alto comisionado das Cortes Xerais designado polo Senado para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución.
- d) O alto comisionado das Cortes Xerais designado polo Consello de Estado para a defensa dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución.

43. Dentro da Subescala de servizos especiais, pertencente á Escala de Administración Especial de funcionarios propios das Corporacións municipais, non se inclúe unha das seguintes clases:

- a) Persoal de oficios.
- b) Prazas de cometidos especiais.
- c) Auxiliares da Policía Local.
- d) Persoal con funcións auxiliares de carácter instrumental.

44. Cales destas operacións non se utilizan no proceso de elaboración de viños brancos?

- a) Despalillado.
- b) Estruxado.
- c) Prensado da uva.
- d) Fermentación cos bagazos.

45. De acordo coa Lei do Solo de Galicia 2/2016, no solo rústico:

- a) Non está permitida en ningún caso a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados non plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio.
- b) Está permitida en todo caso a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados non plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio.
- c) Está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados non plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, se así ou aproba ou Pleno local por maioría absoluta, previo informe favorable do Instituto de Estudos do Territorio.

d) Non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados no plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, salvo no caso dos camiños rurais contemplados nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, minas, montes ou medio ambiente.

46. No Sixpac os pastos permanentes divídense en

- a) 2 tipoloxías.
- b) 3 tipoloxías.
- c) 5 tipoloxías.
- d) 4 subgrupos.

47. O leite procedente de vaca, cabra ou ovella sometida a un tratamento térmico de 62-65° C durante 30 minutos aproximadamente e que non modifica as propiedades do leite, correspóndese co proceso de:

- a) Pasteurización.
- b) Esterilización.
- c) Deshidratación.
- d) Homoxeneización.

48. As porcións de terreo propiedade das Entidades Locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, non foren susceptibles de uso adecuado, denomínanse:

- a) Efectos non utilizables.
- b) Parcelas sobrantes.
- c) Espazos libres.
- d) Dotacións.

49. Considéranse infraccións graves en materia de contratación alimentaria, segundo a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria:

- a) Incumprir as obrigacións de conservación de documentos.
- b) Subministrar de forma incompleta ou fóra de prazo a información que lle sexa requirida por autoridade competente no exercicio das súas funcións.
- c) Negarse a confirmar por escrito, por parte do comprador, os termos dun contrato de compravenda ou subministración que foron acordados polo comprador e o provedor e cuxa confirmación por escrito e solicítase o vendedor.
- d) Realizar modificacións do prezo, obxecto, condicións de pago ou condicións de entrega e posta ao dispor dos produtos incluídos no contrato que non estean expresamente pactadas polas partes.

50. Os contratos celebrados polos poderes adxudicadores, agás os contratos menores e os contratos baseados en acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de contratación, perfecciónanse:

- a) Coa súa formalización.

- b) Coa súa inscrición.
- c) Coa súa realización.
- d) Coa súa liquidación.

51. En que fase do proceso do compostaxe, os microorganismos chamados *mesófilos* desaparecen e son reempazados por outros chamados *termófilos*?

- a) Na fase mesófila do inicio do proceso.
- b) Na fase de enfriamento.
- c) Na fase de maduración.
- d) Na fase de hixienización

52. Segundo a lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, entenderanse por denominacións xeográficas de calidade:

- a) As denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas reguladas no R(CEE) 2081/92, do 14 de xullo.
- b) As denominacións específicas e denominacións xeográficas de bebidas espirituosas a que se refire o R(CEE) 1576/1989, do 29 de maio.
- c) Os viños de mesa con indicación xeográfica e as distintas categorías de viños de calidade producidos en rexións determinadas que se contemplan no R(CEE) 1493/1999, do 17 de maio.
- d) Todas as respostas son correctas.

53. O identificador oficial e obrigatorio dun ben rústico, consistente nun código alfanumérico de 20 díxitos, coñécese como.....

- a) Certificado catastral.
- b) Valor catastral.
- c) Referencia catastral.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

54. Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, os niveis de risco diario de ocorrencia de incendio forestal, para cada una de las épocas de peligro, son:

- a) baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).
- b) baixo (1), alto (2) e extremo (3).
- c) leve (1), grave (2) e extremo (3).
- d) Non hai niveis establecidos.

55. O edificio do mercado municipal é:

- a) Un ben de uso público local.
- b) Un ben de servizo público.
- c) Un ben comunal.

d) Un ben de propios.

56. Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a que órgano ou entidade lle corresponde a xestión e dirección do sistema de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia?

- a) É competencia única dos Concellos.
- b) Á Xunta de Galicia.
- c) Ás Deputacións Provinciais.
- d) Ás Comunidades de Montes.

57. En que Regulamento se establece a listaxe de pragas prioritarias?

- a) Regulamento (UE) 2016/2031, do Parlamento Europeo y do Consello, do 26 de outubro de 2016.
- b) Regulamento (UE) No 228/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de marzo de 2013.
- c) Regulamento Delegado (UE) 2019/1702 da Comisión, do 1 de agosto de 2019.
- d) Regulamento Delegado (UE) 2021/1702 da Comisión, do 12 de xullo de 2021.

58. Segundo o Anuario de Estatística Agraria da Xunta de Galicia de 2020, cal é a provincia galega con maior produción de leite?

- a) A Coruña.
- b) Lugo.
- c) Ourense.
- d) Pontevedra.

59. O uso privativo dun ben de dominio público e o uso anormal do mesmo están suxeitos a:

- a) Concesión administrativa.
- b) Concesión administrativa o uso privativo e licenza de ocupación demanial o uso anormal.
- c) Licenza de ocupación demanial.
- d) Concesión xudicial.

60. O método máis antigo empregado para a desinfección química da auga, baséase no uso ...

- a) Do bromo.
- b) Do cloro.
- c) Da auga oxixenada.
- d) Do ozono.

61. Cal dos seguintes organismos non se considera unha praga corentenaria segundo o Regulamento (UE) 2019/2072?

- a) *Bursaphelenchus xylophilus*.
- b) *Tecia solanivora*.
- c) *Xylella fastidiosa*.
- d) *Gymnopus luxurians*.

62. Segundo o anuario de estatística do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o cultivo que destinou maior superficie á agricultura ecolóxica en España no 2022 foi:

- a) Cítricos.
- b) Viñedo.
- c) Oliveiral.
- d) Froitos secos.

63. Segundo datos do MAPA, a Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de produción de mazá de sidra é...:

- a) Asturias.
- b) Galicia.
- c) País Vasco.
- d) Cataluña.

64. De acordo co disposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (División e segregación de leiras de substitución):

- a) Finalizada a reestruturación, no caso de que unha parcela estivese en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.
- b) Finalizada a reestruturación, no caso de que unha parcela estivese en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación terá que contar coa autorización do servizo estatal competente en materia de reestruturación parcelaria.
- c) Finalizada a reestruturación, no caso de que unha parcela estivese en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación non terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.
- d) Finalizada a reestruturación, no caso de que unha parcela estivese en parte clasificada como de núcleo rural e en parte como rústica, a súa división ou segregación xa non terá que contar coa autorización do servizo provincial competente en materia de adxudicación de masas comúns.

65. Segundo o MAPA (2023), cal é a especie de cereal máis cultivada e cunha maior produción en España na actualidade?

- a) Trigo.

- b) Avena.
- c) Millo.
- d) Cebada.

66. Que obxectivos de desenvolvemento rural da Unión Europea financia o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) como contribución da PAC?

- a) Mellorar a competitividade da agricultura.
- b) Fomentar a xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima.
- c) Lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais.
- d) Todas as respostas son correctas.

67. Unha rúa do centro urbano é:

- a) Un ben de uso público local.
- b) Un ben de servizo público.
- c) Un ben comunal.
- d) Un ben de propios.

68. O órgano competente para a imposición de sancións polas infraccións leves e para as graves no seu grao mínimo, cometidas no ámbito da promoción e defensa da calidade alimentaria galega, reguladas pola Lei 2/2005, do 18 febreiro, é...

- a) O delegado provincial.
- b) O director xeral.
- c) O conselleiro de Agricultura.
- d) O Consello da Xunta.

69. Cales das seguintes propostas son obxectivos clave da nova Política Agraria Común 2023-2027?

- a) Aumentar a competitividade.
- b) Apoiar o relevo xeracional.
- c) Garantir unha renda xusta aos agricultores.
- d) Todas as respostas son correctas.

70. Segundo o Decreto nº 4/2007, os órganos de goberno dos consellos reguladores están constituídos por....

- a) O presidente e o Pleno.
- b) O presidente e o vicepresidente.
- c) O presidente, o vicepresidente ou vicepresidentes, o Pleno e calquera outro que se estableza no seu regulamento.
- d) Ningunha resposta é correcta.

71. Das seguintes aseveracións, cal non é correcta?

- a) Os camiños rurais, son vías de escasa utilización polos vehículos polo que soportan unhas intensidades medias diarias de tráfico moi pequenas.
- b) A explanada, é un terreo preparado sobre o que se apoia un firme.
- c) Os firmes dos camiños están formados por un conxunto de capas superpostas de varios centímetros de espesor e relativamente verticais e de materiais diferentes compactados adecuadamente.
- d) Todas as respostas son correctas.

72. Segundo a Orde do 13 de marzo de 2009, a aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito corresponde

- a) Ao Consello de la Xunta.
- b) Á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- c) Ao conselleiro de Medio Rural.
- d) Á Deputación da provincia na que se atope o distrito.

73. Na sinalización das obrigacións dos traballadores teñen especial importancia, de acordo co artigo 29.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais:

- a) A súa formación e as instrucións do empresario.
- b) A súa titulación.
- c) Os cursos de formación, aínda cando non se teñan dado.
- d) Que sexa ou non delegado de prevención.

74. Que lei estatal define o que se considera residuo urbano e regula as competencias en materia de recollida e tratamento dos mesmos?

- a) Lei 7/2022, do 8 de abril.
- b) Lei 34/2007, do 15 de novembro.
- c) Lei 11/1997, do 8 de abril.
- d) Ningunha resposta é correcta.

75. De acordo coa normativa galega de montes, os montes privados de natureza xermánica que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen ás comunidades veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e veñan aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, polos membros daquelas na súa condición de veciños, denomínanse:

- a) Montes veciñais en man común.
- b) Montes abertais.
- c) Montes de fabeo.

d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

76. Segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, as relacións entre administracións públicas en materia de avaliación ambiental axustaranse aos principios de...

a) Lealdade institucional, información mutua, cooperación, colaboración e coherencia.

b) Lealdade institucional, coordinación, información mutua, consistencia e coherencia.

c) Lealdade institucional, coordinación, información mutua, cooperación, consistencia e coherencia.

d) Lealdade institucional, coordinación, información mutua, cooperación, colaboración e coherencia.

77. En que país da Unión Europea, o pastoreo do vacún é obrigatorio dende do ano 2020?

a) Países Baixos.

b) Francia.

c) Alemaña.

d) Portugal.

78. Cal dos seguintes cultivos pode producirse en Galicia baixo o sistema de produción integrada?

a) O kiwi.

b) A vide.

c) A pataca.

d) Todas as respostas son correctas.

79. O Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA) financia os gastos de:

a) As medidas destinadas á regulación ou apoio dos mercados agrarios.

b) Pagos indirectos aos agricultores no marco da PAC.

c) As medidas de información e promoción dos produtos agrícolas no mercado interior da Unión e nos terceiros países.

d) As respostas a) e c) son correctas.

80. Que é o Catastro?

a) Unha sociedade mercantil administrativa pública estatal.

b) Unha entidade de dereito privado dependente do Ministerio de Facenda, que realiza determinadas tarefas administrativas.

c) Un rexistro administrativo.

d) Ningunha resposta é correcta.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1ª. Cantos organismos están incluídos no Regulamento que establece as pragas prioritarias?

- a) 15
- b) 20
- c) 50
- d) 60

2ª. As certificacións de acordos dos órganos colexiados das entidades locais....

- a) Emitiranse sempre despois da aprobación da acta.
- b) Emitiranse sempre antes da aprobación da acta.
- c) Poderanse emitir antes da aprobación da acta, facéndoo constar expresamente.
- d) No se poderán emitir se se trata de actas pendentes de aprobar na seguinte sesión.

3ª. Cal é a Denominación de Orixe Protexida vitivinícola de Galicia que produce máis viño branco?

- a) D.O.P. Rías Baixas.
- b) D.O.P. Ribeiro.
- c) D.O.P. Ribeira Sacra.
- d) D.O.P. Valdeorras.

4ª. As Comisiones informativas poden ser:

- a) Urxentes ou especiais.
- b) Urxentes.
- c) Permanentes ou especiais.
- d) Permanentes ou extraordinarias.

5ª. Cal dos seguintes produtos se elabora exclusivamente a partir de alcol procedente da destilación do viño?

- a) Ron.
- b) Brandy.
- c) Vodka.
- d) Whisky.

6ª. Que Lei autonómica regula a produción e xestión sostible de residuos e solos contaminados de Galicia?

- a) Lei 9/2007.
- b) Lei 6/2021.

c) Lei 16/2022.

d) Lei 6/2022.

7ª. Segundo o último Anuario de estadística agraria da Xunta de Galicia, cal é a provincia galega con maior número de vacas de carne en explotacións con orientación produtiva vacas de carne?

a) A Coruña.

b) Lugo.

c) Ourense.

d) Pontevedra.